

## **Informe Cuadrimestral nº 49 (setembro-decembro de 2020)**

Neste informe recóllese os principais feitos e actividades acontecidos no período de setembro a decembro de 2020 relacionados coa ETSE. Durante este período celebráronse dúas Xuntas de Escola ordinarias os días 1 de outubro e 17 de decembro.

### ***Persoal***

21 de setembro. Cesa como coordinadora do Máster en Enxeñaría Química e Bioproses Julia González Álvarez e asume o cargo Héctor Rodríguez Martínez.

21 de outubro. Incorporación de Miguel Mauricio ao Departamento de Enxeñaría Química como profesor axudante doutor.

27 de outubro. Nomeamento como nova coordinadora de prácticas do Grao de Enxeñaría Química de Almudena Hospido Quintana, cesando no posto Ramón Moreira Martínez.

10 de decembro. Nomeamento de David E. Losada como o representante das universidades galegas na Comisión Permanente da CODDII.

### ***Asuntos académicos***

9 de setembro. Presentación e defensa da Tese de Doutoramento de Almomani Ameer Ali Ahmad, titulada: *Agregacións de modelos baseados en elección para sistemas de recomendación*. Dirixida por D. Eduardo Manuel Sánchez Vila.

9 de setembro. Publicación da convocatoria de prácticas do Grao en Enxeñaría Informática para o primeiro cuatrimestre do curso 2020-21.

11 de setembro. Convocatoria de cambio de grupo de prácticas para o primeiro cuatrimestre do curso 2020-21.

11 de setembro. Defensa de Traballo fin de Máster de Computación de Altas Prestacións.

14 de setembro. Defensa de Traballo fin de Máster de Enxeñaría Ambiental e Máster en Xeoinformática.

14 e 15 de setembro. Defensa de Traballo fin de grao de Enxeñaría Informática.

17 de setembro. Defensa de Traballo fin de Máster de Enxeñaría Química e Bioproses e Máster en Análise de Datos Masivos: Big Data.

21 de setembro. Xornada de Benvida ao alumnado de nova incorporación.

22 de setembro. Defensa de Traballo fin de grao de Enxeñaría Química.

30 de setembro. Reunión informativa sobre o TFG no GrEI.

1 de outubro. HP fai unha presentación sobre o Programa Observatorio tecnolóxico HP e os desenvolvementos dos TFG na empresa HP Solution Creation & Development Services (HP SCDS)

31 de outubro. Concesión do premio á Calidade Lingüística na área de Enxeñaría ao TFG do alumno de Grao en Enxeñaría Informática, José Antonio Cutrín Garabal, titulado “Auditoría Informática dos sistemas do Instituto da Lingua Galega”, titorizado por José Luis Regueira Fernández e José Manuel Cotos Yáñez.

31 de outubro. Concesión do premio á Calidade Lingüística na área de Enxeñaría ao TFM da alumna do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, Cristina Cambeses Franco, titulado “Enfoque conxunto da avaliación de ciclo de vida e da análise envolvente de datos nos criterios de ecoeficiencia da produción acuícola en México”, titorizado por Gumersindo Feijoo Costa e M<sup>a</sup> Teresa Moreira Vilar.

16 de novembro. Concesión do proxecto presentado pola ETSE na “I Convocatoria de Proxectos de Formación en Centros para a mellora da docencia universitaria”.

19 de novembro. Charla informativa aos alumnos de Grao sobre Prácticas en Empresa a cargo do coordinador xeral de prácticas Óscar Rodríguez Figueiras, o coordinador de prácticas de GREI Eduardo Sánchez Vila e a coordinadora de prácticas de GREQ Almudena Hospido Quintana.

20 de novembro. Concesión do Premio ao Mellor Traballo Final de Carreira STEM a Lorenzo Vaquero Otaí, polo seu Traballo Fin de Máster do Máster en Tecnoloxías de Análise de datos masivos. Big Data. Este premio é concedido pola Fundación Renault para a Inclusión e a Mobilidade Sustentable, en colaboración co Club de Excelencia en Sostenibilidade e co apoio da Fundación Biodiversidade do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.

23 de novembro. Recoñecemento da Aula Profesional da ETSE como Boa Práctica de Calidade na “Convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros da USC 2020”.

23 de novembro. Defensa extraordinaria de Traballo fin de grao de Enxeñaría Informática.

27 de novembro. Convocatoria de prácticas en empresas para o segundo cuatrimestre para os alumnos de Grao en Enxeñaría Química.

2 de decembro. Convocatoria de prácticas en empresas para o segundo cuatrimestre e verán para os alumnos de Grao en Enxeñaría Informática.

3 de decembro. Publicación da convocatoria para o proceso de selección de prazas Erasmus na ETSE para o curso 2021-21.

3 de decembro. Charla informativa ao alumnado da ETSE sobre o programa Erasmus a cargo do Responsable Académico de Mobilidade, David Losada Carril.

10 de decembro. Asamblea Xeral da CODDII (conferencia de directores e decanos de enx. informática).

14 de decembro. Publicación no DOGA da relación do alumnado de grao ao que se concederon os premios de excelencia académica do curso 2018-19 entre os que se atopan os seguintes alumnos da ETSE:

- Manuel Bendaña Gómez (GREI)
- Pablo Monteagudo Lago (Dobre Grao GREI-Matemáticas)
- Cristina López Amado (Dobre Grao GREI-Matemáticas)
- Jaime Arcas Arias (GREI)
- Álvaro Goldar Dieste (GREI)
- Sabela Siaba Casais (GREQ)
- Raúl Alvite Pazo (Dobre Grao GREI-Matemáticas)
- Pablo Fernández Fernández (GREI)
- Manuel de Prada Corral (Dobre Grao GREI-Matemáticas)
- Ángeles Antonieta Rodríguez Oreiro (GREQ)

15 de decembro. Publicación lista provisoria admitidos á convocatoria de prácticas en empresa de Grao en Enxeñaría Química, 2º cuatrimestre

17 de decembro. FEI'2020. Foro dixital de empresas de Enxeñaría Informática.

18 de decembro. Presentación e defensa da Tese de Doutoramento de Dona María Gamallo Mirón, titulada: Nanosized metallic oxides governing the chemical and biochemical oxidation of pollutants present in wastewater, dirixida por Dona M<sup>a</sup> Teresa Moreira Vilar e D. Gumersindo Feijoo Costa.

### **Actividades**

22 de outubro. Xornada coa empresa Bioetanol para os estudantes das materias “Biocatálise”, “Bioenxeñaría” e “Bioprocesos”, do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, organizada polos profesores Trinidad de Miguel Bouzas, Cristina Díaz Jullien e Juan M. Lema Rodicio.

17 de novembro. Campaña de doazón de sangue coa instalación da unidade móbil de doazón de sangue na ETSE.

19 de novembro. Xornada coa empresa Repsol para os estudantes da materia “Deseño Conceptual de Procesos” do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, organizada polos profesores Eva Rodil Rodríguez, Héctor Rodríguez Martínez e Anuska Mosquera Corral.

26 de novembro. Proxectos de Formación en Centros para a mellora da docencia universitaria: Kahoot. Creación de cuestionarios para a formación universitaria.

Impartido por Lorena Martín Párraga e Manuel Serrano Hidalgo, Universidad de Sevilla.

9 de decembro. Persoal do Servizo de Prevención de Riscos visita a Escola para realizar o control das condicións de traballo correspondente ao segundo semestre de 2020.

2, 3, 9 e 10 de decembro. Proxectos de Formación en Centros para a mellora da docencia universitaria: Creación e edición de vídeos para a docencia. Impartido por Martín Vaz Álvarez, Facultade de Ciencias da Comunicación da USC.

17 de decembro. Xornada coa empresa Endesa para os estudantes da materia “Enerxética Industrial” do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, organizadas polos profesores José Antonio Souto González e Juan José Casares Long.

16 a 21 de decembro. Proxectos de Formación en Centros para a mellora da docencia universitaria: Vías para reducir a deshonestidade académica empregando Turnitin e Moodle. Impartido por José Raúl Canay Pazos.

### ***Aula Profesional***

5 de novembro. Taller: ¿Qué tipo de enxeñeiro/a queres ser? Impartido por Daniel Turiño da empresa Altia.

12 de novembro. Ética, enxeñaría e investigación: cara a unhas boas prácticas. Impartido por Cristina Gómez-Román, investigadora do instituto CRETUS e Profesora do Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía da USC.

19 e 26 de novembro e 3,10 e 17 de decembro. Presentacións Oraís. Impartido polo profesor Juan M. Lema Rodicio do Departamento de Enxeñaría Química.

15 de decembro. Taller de iniciación a VUE.JS. Impartido por Carlos Lozano da empresa Altia.

### ***Convenios de colaboración en Prácticas en empresas, Traballo Fin de Grao/Proxecto Fin de Carreira/Traballo Fin de Máster***

SIMPLY SMART S.L.	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Informática
Bolton Food S.L.	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Química
Vinícola del Condado S.Coop.And	Máster en Enxeñaría Ambiental
HP Solutions Creation and Development Services SLU	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Informática
DOOINGIT CIBERSEGURIDAD, S.L.	Grao en Enxeñaría Informática

### ***Visitas a empresas***

23 de outubro. Visita ás Marismas de A Xunqueira do Areal, Pobra do Caramiñal, dos alumnos da materia Avaliación de Impacto Ambiental do Máster en Enxeñaría Ambiental, co profesor Xosé Lois Otero.

27 de outubro. Visita a Casa das Ínsuas, Rábade (Lugo), dos alumnos da materia Planificación de Sistemas Naturais do Máster en Enxeñaría Ambiental co profesor Alberto Rojo Alboreca.

30 de outubro. Visita ás Fragas do Eume, Pontedeume, dos alumnos da materia Planificación de Sistemas Naturais do Máster en Enxeñaría Ambiental co profesor Alberto Rojo Alboreca.

11 de decembro. Visita a Río Sar/Sarela, Padrón, polos alumnos da materia Calidade de Augas do Máster en Enxeñaría Ambiental, coa profesora Sarah Fiol López.

### ***Outros***

24 de setembro. Aprobación polo Consello de Goberno da memoria do título de grao en Intelixencia Artificial para a súa implantación no curso 2021-22.

25 de setembro. Publicación do Protocolo da ETSE para una docencia presencial segura no curso 2020-21 (v2)